

# PLAN DE CONTINXENCIA DO CEIP MANUEL RIVERO

O Plan de Continxencia do centro educativo CEIP Manuel Rivero ten por finalidade establecer os procesos para o reinicio da actividade académica presencial no caso de que se teña interrompido a suspensión da actividade lectiva como consecuencia da aparición dun gromo que supoña o cese da actividade presencial nun aula/etapa educativa/centro.

INDICE:

ACTUACIÓNS PREVIAS DIANTE DA APARICIÓ DUN ABROCHO .....	3
ACTUACIÓNS PARA O PERIODO DE ACTIVIDADE LECTIVA NON PRESENCIAL.....	5
1.- O ENSINO NON PRESENCIAL .....	5
2.- IDENTIFICACIÓ DAS DIFICULTADES DE CONEXIÓ.....	7
MEDIDAS PARA O REINICIO DA ACTIVIDADE LECTIVA PRESENCIAL.....	8
ANEXOS .....	11
(HORARIOS PARA O ENSINO NON PRESENCIAL) .....	11

## ACTUACIÓNS PREVIAS DIANTE DA APARICIÓ DUN ABROCHO

1. Non asistirán ao centro aqueles estudantes, docentes e outros profesionais que teñan síntomas compatibles con COVID-19, así como aqueles que se atopen en illamento por diagnóstico de COVID-19, ou en período de corentena domiciliaria por ter contacto estreito con algunha persoa diagnosticada de COVID-19.
2. Diante dunha persoa que desenvolva síntomas compatibles con COVID-19 no noso centro seguirase o protocolo de actuación elaborado no centro:
  - Colocaráselle unha máscara cirúrxica, levaráselle á sala de Coviv destinada ao efecto ata a recollida por parte da familia. Esta disporá de adecuada ventilación, xel hidroalcohólico e papeleira con tapa de pedal. Será necesario contactar coa persoa responsable do manexo da Covid- 19 no centro educativo e cos familiares ou titores legais.
  - A persoa que acompañe ao caso sospeitoso deberá levar material de protección adecuado:
    - Máscara cirúrxica, se a persoa con síntomas a leva.
    - De forma excepcional e no caso específico de que o/a alumno/a teña unha exención para o uso de máscara por xustificación médica ou é menor de 6 anos e non usa máscara, a persoa acompañante usará máscara FFP2 sen válvula, ademais dunha pantalla facial e unha bata desbotable. Na eventualidade de que non houberse dispoñibilidade de máscaras FFP2, poderá utilizarse unha máscara cirúrxica xunto coa obrigatoriedade da utilización da pantalla.

Se coincidisen no tempo máis dun caso con sintomatoloxía compatible coa Covid-19, os restantes casos agardarán acompañados por algunha persoa traballadora doo centro educativo de preferencia nun lugar cuberto exterior ao edificio oi noutro lugar interior coa ventilación adecuada. A persoa que utilice a FFP2 deberá estar formada na utilización dos equipos de protección individual e no seu refugallo.

O centro contará cun stock deste material para as situación nas que ser requira para a atención dun caso sospeitoso.

3. Débese chamar ao centro de saúde de Atención Primaria de referencia, ou ao teléfono de referencia do SERGAS e seguiranse as súas instrucións. En caso de presentar síntomas de gravidade ou dificultade respiratoria chamarase ao 061. O/A traballador/a que inicie síntomas debe abandonar o seu posto de traballo protexido por máscara, e logo de seguir as instrucións do centro de saúde ata que a súa situación médica sexa valorada por un profesional sanitario.
4. No suposto da aparición dun caso, ou dunha sospeita, de coronavirus no noso centro educativo tanto sexa do alumnado, profesorado ou persoal do centro, a persoa coordinadora do equipo formado na COVID-19 incluírá na aplicación informática EduCOVID a información solicitada relativa aos contactos estreitos, dos compañeiros/as afectados/as e do seu profesorado, así como de quen sexa persoa próxima vencellada ao centro educativo.
5. A familia dun neno ou nena con sospeita de contaxio, deberá solicitar unha consulta telefónica co seu pediatra para que este avalíe a necesidade de solicitude dun test diagnóstico. Se non houberse cita para ese mesmo día, acudirá ao PAC para a valoración polo médico de atención primaria.
6. Tras a aparición dun caso diagnóstico da Covid 19 seguiranse as recomendacións da Xefatura Territorial de Sanidade, sendo posible que nun centro teña que estar illada unha parte dun centro educativo (aula ou grupo de aulas) mantendo o funcionamento do resto da forma habitual en función do número de contactos identificados en cada gromo.
7. A autoridade sanitaria, en coordinación coa Consellería de Educación, a través do Grupo de Coordinación e Seguimento da Pandemia determinará en cada caso o número de persoal e alumnado afectado e a duración das medidas de corentena o que se comunicará ao equipo COVID do centro para a súa comunicación á comunidade educativa, sen prexuízo da información que sexa facilitada pola autoridade sanitaria.
8. A autoridade sanitaria, en función do número de contaxios, poderá ordenar o peche dunha ou varias aulas, dun nivel educativo ou do centro educativo na súa totalidade.
9. A aparición dun contaxio sospeitoso con posterior confirmación é un suposto de declaración obrigatoria que implicará por parte da autoridade sanitaria a obriga de entrada en corentena de polo menos 10 días a todas as persoas que teñan a consideración de contacto estreito.

10.A suspensión da actividade lectiva presencial suporá a aplicación das normas previstas no presente protocolo relativas ao ensino a distancia. Aos efectos de determinación do nivel de risco a autoridade sanitaria poderá volver a avaliar o pase ao nivel de riscos NR 2 para os supostos de consideración de vulnerabilidade e de cualificación de persoal sensible.

## **ACTUACIÓNS PARA O PERIODO DE ACTIVIDADE LECTIVA NON PRESENCIAL**

Neste apartado imos recoller as actuacións que nos marca o plan de continxencia e as actuacións que vamos a levar a cabo no noso centro.

### **1.- O ENSINO NON PRESENCIAL**

O ensino non presencial será impartido polo profesorado ordinario do alumnado preferentemente a través da aula virtual de cada grupo. O profesorado realizará o seguimento do alumnado impartindo os coñecementos da materia de xeito virtual a través dos contidos dispoñibles ben achegados polo profesorado o ben os que poña a disposición a Consellería. Igualmente o/a profesor/a poderá poñer tarefas ao alumnado que reforcen co contido da materia ou a avaliación continua da mesma.

O equipo COVID de centro identificará ao alumnado que teña dificultades de conexión o falla de equipamento para que a consellería adopte as medidas oportunas que minimicen as eventuais dificultades da educación realizada por medios telemáticos.

Para cada caso concreto de suspensión da actividade lectiva presencial a Consellería poderá adoptar as medias oportunas en relación cos períodos ordinarios de avaliación do alumnado cando coincidan co tempo de suspensión.

Dado a situación que nos podemos atopar, debemos establecer as medidas preventivas en canto a funcionamento e coñecemento da aula virtual (profesorado, alumnado e familias) mentres esteamos no colexio para que despois sexa unha continuidade do traballo a facer.

Tomaremos as seguintes medidas:

- Profesorado
  - .- En previsión de que podamos chegar a unha situación de ensinanza a distancia, debemos artellar mecanismos de traballo e coordinación

durante o tempo que esteamos no colexio para que funcionen se temos que estar confinados. Para elo dedicaremos un tempo ao inicio do curso para a formación do profesorado na aula virtual do centro, por medio do curso creado en Moodle.

.- O profesorado ten creados os cursos do seu nivel e o alumnado matriculado. Enviarase as familias o nome de usuario e contrasinal do seu fillo/a.

.- No caso de ter que suspender as clases será moi importante a implicación que deben ter as familias e por iso nas reunións de principio de curso se lles deu unhas orientacións xerais sobre o funcionamento da aula virtual.

.- Durante o mes de setembro o profesorado vai ir familiarizando ao alumnado no manexo das aulas virtuais. Para iso, e tal como se establece no protocolo de actuación, empregarase a aula de informática.

- Alumnado

.- O alumnado de 1º, 2º, 3º, 4º e 6º continuará a actividade educativa a distancia a través da aula virtual do centro, principalmente e 5º continuará empregando o entorno de aprendizaxe do proxecto E-Dixgal, no caso dun posible confinamento parcial ou total. Ademais manteremos o contacto co correo electrónico, a páxina web do centro, AbalarMobil e a aplicación de mensaxería Tokapp school.

Tamén, estes mesmos cursos, traballarán cos libros dixitais que se atopan na plataforma educativa Snappet nas asignaturas de matemáticas, lingua castelá, lingua e inglés.

.- Durante o mes de setembro daráselle o usuario e contrasinal e familiarízase co manexo das plataformas en aspectos como: acceso, ver as súas materias, visualizar o traballo, significado de cada un dos materiais colgados, como se referencia unha tarefa, como sabe que está corrixida, mensaxes,....

.- O alumnado de Educación Infantil continuará a actividade educativa a través da Aula virtual, co correo electrónico, a aplicación de mensaxería TokappSchool e tamén no Blog de educación infantil dentro da web do centro.

- Familias

.- Cursos de formación en aulas virtuais

- Vídeos e/ou manuais colgados na web do colexio nun apartado específico para a aula virtual.
- Resolución de dúbidas vía telefónica, axenda e/ou videoconferencia.

## **NO CASO DE CONFINAMENTO DALGUNHA AULA OU DO CENTRO:**

O proceso de ensino pasará a ser non presencial.

-Comunicaráselle ás familias mediante unha mensaxe no AbalarMobil que continúa o proceso de ensino de xeito virtual, enviaráselle os horarios que xa estarán colgados na páxina web e explicaráselle o xeito de conexión e traballo diario así como as ferramentas de comunicación empregadas (Cisco Webex, AbalarMobil e aula virtual.

- Na aula virtual do centro en cada curso/nivel atópase o cadro horario de cada grupo similar ao desenvolto na situación de presencialidade. En cada materia atópase un enlace que leva ao alumno directamente á sala persoal en Cisco Webex do profesor co que teña clase nese momento, o que minimizará o tempo empregado na conexión e facilitará a mesma ao alumnado.

Está previsto unha marxe de 15 minutos entre sesión e sesión para as posibles demoras de conexión.

Este horario mantén a carga lectiva de cada materia do 60% de conexión directa e do 40% de tarefas e traballo individual do alumnado, por iso será flexible de xeito que permita avanzar nas programacións das áreas, ámbitos, materias ou módulos pero sen obrigar ao alumnado e ao profesorado a unha conexión continua, para conseguir que o proceso ensino aprendizaxe sexa o máis efectivo posible.

Estes horarios (anexos a este documento) empregaranse en todos os niveis de Educación primaria. En Educación Infantil realizarase unha conexión diaria pero máis breve para manter o contacto co alumnado e coas familias.

Ao final de cada semana o profesorado entregará na xefatura de estudos unha relación de actividades que realizou co alumnado no horario establecido, de acordo co modelo entregado e proporcionado pola Consellería.

## **2.- IDENTIFICACIÓN DAS DIFICULTADES DE CONEXIÓN**

Nas reunións iniciais de nivel rexistrárase quen ten dificultades de conexión a internet e/ou falta de equipamento.

Unha vez obtido eses datos, darase traslado a Consellería do alumnado que ten carencia nos aspectos anteriormente sinalados.

### **3.- PERÍODOS DE AVALIACIÓN**

Para cada caso concreto de suspensión a actividade lectiva presencial a consellería poderá adoptar as medidas oportunas en relación cos períodos ordinarios de avaliación do alumnado cando coincidan co tempo de suspensión. Polo tanto, no caso de producirse, poñeremos na práctica as medidas que nos determinen.

### **4.- MEDIDAS DURANTE A SUSPENSIÓN DA ACTIVIDADE LECTIVA**

- Ante unha situación de suspensión temporal e/o definitiva das clases presenciais a coordinación entre o profesorado e fundamental e seguiremos a facer a que levamos dende o principio de curso o que permitirá:
  - ✓ Planificar un calendario de actividades en función do horario de materias establecido.
  - ✓ Seguir planificando actividades de investigación e traballo por proxectos.
  - ✓ O Departamento de Orientación xunto cos titores/as determinará un plan de actuación específico para o alumnado co que estaban a traballar, sendo as que van supervisar e corrixir as tarefas.
  - ✓ Os/as titores/as xunto co Departamento de Orientación deseñarán unhas estratexias para traballar o aspecto emocional, mentres teñan que seguir a ensinanza dende casa.
  - ✓ O profesorado seguirá a traballar en coordinación por nivel para a planificación axustada de tarefas e tempo.
  - ✓ O profesorado reunirse semanalmente para planificar tarefas e valoración das propostas para introducir as modificacións necesarias.
  - ✓ Tutorías telefónicas.

### **MEDIDAS PARA O REINICIO DA ACTIVIDADE LECTIVA PRESENCIAL**

Finalizado o período de peche presencial da aula, nivel educativo ou centro realizarase un proceso de reactivación por fases par ao reinicio da actividade lectiva, tal é como se recolle no plan de adaptación a situación COVID.

As fases establecidas para a reactivación son orientadoras, existindo a posibilidade de modificar tanto a súa duración como a porcentaxe do alumnado incluído en cada fase. O modelo a aplicar correspóndelle a Consellería de Educación co asesoramento da Consellería de Sanidade. Tendo en conta a premisa anterior tomaremos como base as fases de reincorporación que veñen



determinadas no anexo VI do protocolo, recollidas no Plan de adaptación e que se concretan da seguinte maneira:

### **Fase 1: Adecuación dos espazos**

Duración: (por determinar)

Aínda que pode ter unha duración variable, aconséllase que sexa dunha semana. Nesta primeira fase, previa ao reinicio da actividade, será o equipo COVID do centro quen estableza as actuacións a desenvolver, en colaboración coas autoridades sanitarias e educativas.

Obxectivos:

- Análise da situación dos espazos e as súas necesidades.
- Desinfección de todos os espazos
- Revisión das medidas organizativas recollidas no plan de adaptación buscando posibles deficiencias.

### **Fase 2 : Formación de pequenos grupos**

Duración: 1 semana

A porcentaxe do alumnado na aula de forma simultánea será do 33 % en grupos de 25 alumnos.

Obxectivos:

- Formar ao alumnado na importancia das medidas de distanciamento físico, utilización de máscara e de hixiene de mans.
- Utilización dos espazos e circulación do alumnado polos corredores do centro.
- Formar ao alumnado nas medidas de distanciamento físico no recreo.
- Informar ao alumnado das novas normas derivadas da pandemia.
- Combinar o ensino presencial e a distancia.

### **Fase 3: Reforzo das medidas aprendidas en pequenos grupos**

Duración: 1 semana

A porcentaxe do alumnado na aula de forma simultánea será do 60 % en grupos de máis de 25 alumnos.

Obxectivos:

- Comprobar a adquisición das medidas adquiridas en pequeno grupo na fase 2.

- Establecemento de criterios claros de entrada e saída do alumnado de forma progresiva.

- Empregar o ensino presencial para resolver dúbidas respecto aos contidos e tarefas propostas na modalidade non presencial.

#### **Fase 4 : Fase de reactivación**

Duración: 1 semana

Retorno a actividade presencial da totalidade do alumnado.

Obxectivos:

- Reforzar e fomentar os hábitos adquiridos nas fases anteriores.

- Disposición en puntos estratéxicos de información visual clara para o alumnado.

- Valorar o grao de adquisición de contidos do traballado na fase non presencial ou semipresencial, para reforzar ou avanzar na programación.

- Volver á dinámica de clases presenciais, pero sen abandonar o emprego da aula virtual para as tarefas e para complementar as aprendizaxes na casa. Salientar a responsabilidade de todas as persoas a nivel individual que forman a Comunidade Educativa de contribuír ao cumprimento estrito das medidas de protección implantadas no Plan de adaptación, encamiñadas a controlar e a reducir a transmisión da COVID-19.

## **ANEXOS**

**(HORARIOS PARA O ENSINO NON PRESENCIAL)**

HORARIO ENSINO NON PRESENCIAL CURSO 2020-2021

NIVEL 1º EP

	<b>LUNS</b>	<b>MARTES</b>	<b>MÉRCORES</b>	<b>XOVES</b>	<b>VENRES</b>
<b>9:15 – 9:45</b>	MATEMÁTICAS	MATEMÁTICAS	MATEMÁTICAS	INGLÉS	MATEMÁTICAS
<b>10:00 – 10:30</b>	E.FÍSICA	INGLÉS	RELIXIÓN VSC	MATEMÁTICAS	MÚSICA
<b>10:45 - 11:15</b>	C. SOCIAIS	L. CASTELÁ	L. CASTELÁ	L. CASTELÁ	L. GALEGA
<b>11:15-11:45</b>				TITORÍA	
<b>12:30 – 13:00</b>	L. CASTELÁ	L. GALEGA	L. GALEGA	PLÁSTICA	C. SOCIAIS
<b>13:15 – 13:45</b>	L. GALEGA	C. NATURAIS	E. FÍSICA	C.SOCIAIS	C.NATURAIS
<b>16:00 -17:00</b>		ATENCIÓN A PAIS/NAIS			

HORARIO ENSINO NON PRESENCIAL CURSO 2020-2021

NIVEL 2º EP

	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
<b>9:15 – 9:45</b>	L. CASTELÁ	INGLÉS	MÚSICA	L. CASTELÁ	MATEMÁTICAS
<b>10:00 – 10:30</b>	MATEMÁTICAS	MATEMÁTICAS	MATEMÁTICAS	MATEMÁTICAS	RELIXIÓN VSC
<b>10:45 - 11:15</b>	RELIXIÓN VSC	L. CASTELÁ	L. CASTELÁ	INGLÉS	E. FÍSICA
<b>11:15- 11:45</b>		TITORÍA			
<b>12:30 – 13:00</b>	E. FÍSICA	L. GALEGA	L. GALEGA	L. GALEGA	PLÁSTICA
<b>13:15 – 13:45</b>	C. SOCIAIS	C. SOCIAIS	C. NATUREZA	C. NATUREZA	L. GALEGA
<b>16:00-17:00</b>		ATENCIÓN A PAIS/NAIS			

HORARIO ENSINO NON PRESENCIAL CURSO 2020-2021

NIVEL 3º

	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
<b>9:15 – 9:45</b>	MATEMÁTICAS	MATEMÁTICAS	LENGUA	MATEMÁTICAS	MATEMÁTICAS
<b>10:00 – 10:30</b>	LENGUA	LINGUA	INGLÉS	E. FÍSICA	INGLÉS
<b>10:45 - 11:15</b>	E. FÍSICA	LENGUA	LINGUA	MÚSICA	LINGUA
<b>11:15-11:45</b>		TITORÍA			
<b>12:30 – 13:00</b>	LINGUA	C. DA NATUREZA	RELIXIÓN VSC	LENGUA	C.SOCIAIS
<b>13:15 – 13:45</b>	C. DA NATUREZA	INGLÉS	C.SOCIAIS	C.SOCIAIS	PLÁSTICA
<b>16:00-17:00</b>		ATENCIÓN A PAIS E NAIS			

HORARIO ENSINO NON PRESENCIAL CURSO 2020-2021

HORARIO ENSINO NON PRESENCIAL CURSO 2020-2021

NIVEL 4º

	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
9:15 – 9:45	Matemáticas	Matemáticas	Lengua Cast	Inglés	Lingua Gal
10:00– 10:30	Lengua Cast.	Inglés	Matemáticas	Lingua Galega	Lengua Cast.
10:45 - 11:15	Lingua Gal.	Educación física	Relixión / VCS	Lengua Castellana	Matemáticas
11:15-11:45	TITORÍA				
12:30 – 13:00	Ciencias Naturales	Lingua Gal.	Inglés	Educación física	Inglés
13:15 – 13:45	Música	Ciencias Naturales	Ciencias Sociais	Ciencias Sociais	Plástica
16:00-17:00		ATENCIÓN A PAIS/NAIS			

HORARIO ENSINO NO PRESENCIAL CURSO 2020-2021

NIVEL 5º EP

	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
<b>9:15 – 9:45</b>	INGLÉS	MATEMÁTICAS	INGLÉS	MATEMÁTICAS	C. SOCIAIS
<b>10:00 – 10:30</b>	MATEMÁTICAS	L. CASTELÁ	MATEMÁTICAS	L. CASTELÁ	MATEMÁTICAS
<b>10:45 - 11:15</b>	L.GALEGA	L. GALEGA	L. GALEGA	L. GALEGA	INGLÉS
<b>11:15- 11:45</b>	TITORÍA				
<b>12:30 – 13:00</b>	C. DA NATUREZA	PLÁSTICA	C. SOCIAIS	C. DA NATUREZA	L. CASTELÁ
<b>13:15 – 13:45</b>	L. CASTELÁ	E. FÍSICA	MÚSICA	E. FÍSICA	RELIXIÓN VSC
<b>16:00-17:00</b>		ATENCIÓN A PAIS/NAIS			



HORARIO ENSINO NON PRESENCIAL CURSO 2020/21

NIVEL 6ºA

	<b>LUNS</b>	<b>MARTES</b>	<b>MÉRCORES</b>	<b>XOVES</b>	<b>VENRES</b>
<b>9:15 – 9:45</b>	ED. FÍSICA	MATEMÁTICAS	ED. FÍSICA	MATEMÁTICAS	MATEMÁTICAS
<b>10:00 – 10:30</b>	INGLÉS	INGLÉS	L. GALEGA	L. GALEGA	C. SOCIAIS
<b>10:45- 11:15</b>	MATEMÁTICAS	C. DA NATUREZA	C. SOCIAIS	C. DA NATUREZA	L. CASTELÁ
<b>11:15-11:45</b>	TITORÍA				
<b>12:30 – 13:00</b>	L. GALEGA	MÚSICA	MATEMÁTICAS	INGLÉS	INGLÉS
<b>13:15– 13:45</b>	C. SOCIAIS	L. CASTELÁ	RELIXIÓN VSC	L. CASTELÁ	PLÁSTICA
<b>16:00-17:00</b>		ATENCIÓN A PAIS E NAIS			

HORARIO ESPELLO CURSO 2020-2021

NIVEL 6º B

	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
<b>9:15 – 9:45</b>	L.GALEGA	MÚSICA	L.GALEGA	INGLÉS	MATEMÁTICAS
<b>10:00 – 10:30</b>	L.CASTELÁ	L.CASTELA	E.FÍSICA	L.GALEGA	E.FÍSICA
<b>10:45 - 11:15</b>	INGLÉS	MATEMÁTICAS	MATEMÁTICAS	MATEMÁTICAS	RELIXIÓN VSC
<b>11:15-11:45</b>		TITORIA			
<b>12:30 – 13:00</b>	MATEMÁTICAS	INGLÉS	INGLÉS	L.CASTELÁ	C.SOCIAIS
<b>13:15 – 13:45</b>	C.SOCIAIS	C. NATUREZA	C.SOCIAIS	C.NATUREZA	PLÁSTICA
<b>16:00-17:00</b>		ATENCIÓN A PAIS/NAIS			

## HORARIO ENSINO NON PRESENCIAL 4º DE EDUCACIÓN INFANTIL

Tódolos días da semana iniciaremos a xornada cunha conexión de videoconferencia a través de Cisco Webex. Será de 10 a 10,30. En esa conexión explicaremos ás familias o traballo a realizar ese día. Tamén servirá para resolver as dúbidas que as familias teñan.

De 10,30 ata o final da xornada será traballo globalizado ( lóxica-matemática, iniciación á lectoescritura, grafomotricidade, actividades plásticas, contos, cancións, actividades interactivas, xogo...). Así mesmo os días que reciben clase de música (luns) , relixión (venres) e inglés (martes) comunicaremos as familias as tarefas propostas por os profesores ou serán eles mesmos os que lles darán as instrucións.

As canles a través das que nos comunicaremos para enviar e recibir as tarefas feitas polos nenos serán: a aula virtual, a páxina web do centro ,e o correo electrónico.

	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
10:00 – 10:30	Conexión coas familias	Conexión coas familias	Conexión coas familias	Conexión coas familias	Conexión coas familias
10:30 – 14:00	Traballo globalizado	Traballo globalizado	Traballo globalizado	Traballo globalizado	Traballo globalizado

## HORARIO NON PRESENCIAL 5º DE EDUCACIÓN INFANTIL.

Tódolos días da semana iniciaremos a xornada con unha conexión de videoconferencia a través de Cisco Webex. Será de 10:00h a 10:30 h. En esa conexión explicaremos ás familias o traballo a realizar ese día. Tamén servirá para resolver as dúbidas que as familias teñan.

De 10:30h ata o final da xornada será traballo globalizado (lóxica- matemática, iniciación á lectroescritura, grafomotricidade, actividades plásticas, contos, cancións, actividades interactivas, xogo...). Así mesmo os días que reciben clase de música, relixión, e inglés comunicaremos ás familias as tarefas propostas por os profesores ou serán eles mesmos os que lles darán as instrucións.

As canles a través das que nos comunicaremos para enviar e recibir as tarefas feitas polos nenos serán; a aula virtual, a páxina web do centro, e o correo electrónico.

	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
10:00-10:30	Conexión cas familias	Conexión cas familias	Conexión cas familias	Conexión cas familias	Conexión cas familias
10:30-14:00	Traballo globalizado	Traballo globalizado	Traballo globalizado	Traballo globalizado	Traballo globalizado

## HORARIO NON PRESENCIAL 5º DE EDUCACIÓN INFANTIL.

Tódolos días da semana iniciaremos a xornada con unha conexión de videoconferencia a través de Cisco Webex. Será de 10:00h a 10:30 h. En esa conexión explicaremos ás familias o traballo a realizar ese día. Tamén servirá para resolver as dúbidas que as familias teñan.

De 10:30h ata o final da xornada será traballo globalizado (lóxica- matemática, iniciación á lectroescritura, grafomotricidade, actividades plásticas, contos, cancións, actividades interactivas, xogo...). Así mesmo os días que reciben clase de música, relixión, e inglés comunicaremos ás familias as tarefas propostas por os profesores ou serán eles mesmos os que lles darán as instrucións.

As canles a través das que nos comunicaremos para enviar e recibir as tarefas feitas polos nenos serán; a aula virtual, a páxina web do centro, e o correo electrónico.

	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
10:00-10:30	Conexión cas familias	Conexión cas familias	Conexión cas familias	Conexión cas familias	Conexión cas familias
10:30-14:00	Traballo globalizado	Traballo globalizado	Traballo globalizado	Traballo globalizado	Traballo globalizado

**HORARIO ENSINO NON PRESENCIAL CURSO 2020-2021**  
**PT/AL**

Os mestres especialistas de PT/AL, traballaran baixo os seguintes criterios:

- En E.I., coordinaranse coas titoras de aula e enviaran material de reforzo e estimulación para as familias a través das titoras.
- En E.P.; coordinaranse cós titores para o traballo de apoio en aula ordinaria ou aula de PT/AL.
- Manterase o apoio o alumnado, establecendo reunión vía webex có alumnado que apoia en aula, segundo o seguinte horario.
- En relación o alumnado con apoios fóra da aula (aula PT/AL), manterase dita reunión vía webex.

<b>Horario PT</b>	<b>LUNS</b>	<b>MARTES</b>	<b>MÉRCORES</b>	<b>XOVES</b>	<b>VENRES</b>
9:15 – 9:45	PT1º	PT4º	MATERIAL EI	MATERIAL EI	AA 6ºB
10:00 –10:30	PT4	AA 6ºB	PT 4º	MATERIAL EI	PT 4º
10:45 - 11:15	MATERIAL EI	AA 6ºB	AA 6ºB	AA 6ºB	PT 6ºA
12:30 –13:00	AA 6ºB	MATERIAL EI	MATERIAL EI	AA 6ºB	MATERIAL EI
13:15 –13:45	PT 1º	REUNIÓN DO	AA 6ºB	PT 4º	GARDA
<b>Horario AL/PT</b>	<b>LUNS</b>	<b>MARTES</b>	<b>MÉRCORES</b>	<b>XOVES</b>	<b>VENRES</b>
9:15 – 9:45	PT/AL2º	PT/AL4º	MATERIAL EI	MATERIAL EI	AL 2º
10:00 –10:30	PT/AL3º	MATERIAL EI	MATERIAL EI	AL 2º	MATERIAL EI PELO
10:45 - 11:15	MATERIAL EI	PT/AL2º	AL/PT 3º	AL 1º	MATERIAL EI PELO
12:30 –13:00	Garda	PT/AL 1º	AL/PT 2º	AL 2º	MATERIAL EI PELO
13:15 –13:45	AL/PT2º	REUNIÓN D.O	MATERIAL EI	AL 3º	MATERIAL EI

HORARIO ENSINO NON PRESENCIAL CURSO 2020-2021  
DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN

HORARIO	LUNS	MARTES	MÉRCORES
9:00 – 9:45	Contacto cos titores para incidencias durante o xoves/venres	Material benestar emocional para aula/ familia. Aula Virtual	
9:45 –10:30	Material benestar emocional para aula/ familia. Aula Virtual	Material benestar emocional para aula/ familia. Aula Virtual	Material benestar emocional para aula/ familia. Aula Virtual
10:30-11:15	Contacto coas familias do D.O., para seguimento emocional e de traballo	Contacto coas familias do D.O., para seguimento emocional e de traballo	Contacto coas familias do D.O., para seguimento emocional e de traballo
12:20 –13:00	Coordinación cos titores para seguimento familias e apoios	Coordinación cós titores para seguimento familias e apoios	Coordinación cos titores para seguimento familias e apoios
13:00 –13:45	Comunicarme coas familias que presentaron algún problema de conexión o longo da xornada. Para buscar algunha solución	Coordinación cos PT/AL, para seguimento do traballo.	Comunicarme coas familias que presentaron algún problema de conexión o longo da xornada. Para buscar algunha solución

Actualizado novembro de 2020.